

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

MUFACE – Reunión de Acción Social e Formación

24/11/2023

Resumo o tratado na reunión

ACCIÓN SOCIAL

O venres 24 de novembro celebrouse a reunión da comisión de seguimento da acción social e formación interna de MUFACE.

Por parte da administración se nos informa das solicitudes denegadas (3 solicitudes de tratamentos sanitarios) e os motivos. Seguidamente pasamos a debater os criterios de reparto do remanente de acción social, que é de 42000€ para o ano 2023, cando no ano 2022 fora de 8000€.

Como criterio de reparto dese remanente acordase subir o importe de cada axuda 123€, e que o importe máximo cobrado por todas as axudas solicitadas pase de 800€ a 1200€.

A CIG, unha vez máis, insistiu na necesidade de recuperar o 1% da masa salarial destinado a acción social. Ademais propuxemos analizar para o próximo ano, as causas que motivan este remanente tan elevado, polo que entendemos que o catálogo de axudas e requisitos precisa dunha análise polo miúdo.

FORMACIÓN INTERNA

Por parte da administración se nos informa da enquisa sobre formación que se lle remitiu a todo o cadro de persoal.

A CIG, manifestou ante o pouco interese que estaba a amosar o cadro de persoal na formación ofrecida, MUFACE debera encamiñar a formación a elaboración de “itinerarios formativos”. Nese itinerario estarían os cursos necesarios para poder desenvolver correctamente cada posto de traballo. A Administración dixo que non lle parece mala idea e que a vai estudar.